

# Rudesindus

Publicación da Academia  
Auriense-Míndoniense de  
San Rosendo

## Consello de Redacción

### Director:

D. Alfredo Erias Martínez. *Fundación Luis Monteagudo*

### Subdirectora:

D<sup>a</sup> Carmen Manso Porto. *Biblioteca de la Real Academia de la Historia.*

### Secretario:

D. Segundo L. Pérez López. *Delegado de peregrinacións do Cabido da Catedral de Santiago de Compostela. Presidente da Academia Auriense Mindoniense de San Rosendo*

### Vogais:

D. Carlos Adrán Goas. *Historiador. Viveiro*

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Concepción Burgo López. *Universidade de Santiago. Lugo*

D. Pedro Díaz Fernández. *Presidente do Cabildo. Mondoñedo*

D. Miguel Ángel González García. *Coengo Arquivo da Catedral. Ourense*

D. Domingo Luis González Lopo. *Universidade de Santiago*

D. Carlos A. González Paz. *CSIC Padre Sarmiento. Alfoz*

D. Cesáreo Iglesias Grande. *Párroco. Celanova*

D. Francisco Singul Lorenzo. *Xacobeo. Santiago*

D. Antonio Piñeiro Feijoo. *Escritor. Celanova*

D<sup>a</sup> Esperanza Piñeiro de Sanmiguel. *Escritora. Ferrol*

### Consello Asesor e Científico:

D. Julián Barrio Barrio. *Arzobispo de Santiago*

D. José M<sup>a</sup> Díaz Fernández. *Coengo. Catedral de Santiago*

D. Eduardo Pardo de Guevara y Valdés. *CSIC Padre Sarmiento*

D. Rubén Lois González. *Universidade de Santiago*

D. José M<sup>a</sup> Andrade Cernadas. *Universidade de Santiago*

D. Juan M. Monterroso Montero. *Universidade de Santiago*

D. José Manuel García Iglesias. *Universidade de Santiago*

D. Ramón Pernas López. *Escritor. Madrid*

D. Ramón Loureiro Calvo. *Periodista. Ferrol*

D. Aires do Nascimento. *Universidade de Lisboa*

D<sup>a</sup> Beatriz Vaquero Díaz. *Universidade de Vigo*

D. Manuel Carriedo Tejedo. *Historiador. León*

D. Ramón Yzquierdo Perrín. *Universidade da Coruña*

D. Manuel García de Bucións. *Escultor. Ourense*

D. Francisco Carvalho Correia. *Historiador. Santo Tirso (Portugal)*

D. Francisco Javier Pérez Rodríguez. *Universidade de Vigo*

D. Álvaro Brito. *Arqueólogo. Braga*

D. Pío Alves de Sousa. *Bispo Auxiliar do Porto*

D. César Antonio Molina. *Escritor. Madrid*



# RUDESINDUS

Publicación da Academia  
Auriense-Míndoniense de  
San Rosendo

14/2021

**<http://www.rudesindus.org/>**

Secretario da Academia:  
**[archivocatedral@obispadodeourense.com](mailto:archivocatedral@obispadodeourense.com)**

Director de Rudesindus:  
**[rudesindus1@gmail.com](mailto:rudesindus1@gmail.com)**

**Direccións Postais:**

Academia Auriense-Mindoniense de San Rosendo  
Palacio Episcopal  
27740 Mondoñedo (Lugo)

Arquivo Diocesano  
Seminario Mayor  
Rúa do Seminario, s/n  
32005 Ourense

**Maquetación e cuberta:**

Alfredo Erias Martínez

**Cuberta:**

Igrexa románica de San Martín de Mondoñedo, Foz. Lugo. Foto: Yeza.  
<<https://commons.wikimedia.org/>>

**Contracuberta e solapas:**

Imaxes do coro tardogótico de Celanova. Fotos: Alfredo Erias.

**Depósito Legal:**

C 4176-2008

ISSN: 2255-5811



# Índice

## ARTIGOS

- \* Una reliquia sanadora: la Sábana de Santa Eufemia de la catedral de Ourense, por ASUNCIÓN LAVESA MARTÍN-SERRANO..... 9
- \* Iconografía del coro tardogótico de la iglesia monasterial de San Salvador de Celanova (II), por ALFREDO ERÍAS MARTÍNEZ..... 27
- \* *GALLAECIA* Y GALICIA (3), por MANUEL CARRIEDO TEJEDO..... 89
- \* ¿Establecimientos francos en la *Gallaecia altomedieval* a principios del siglo IX?, por MANUEL CARRIEDO TEJEDO..... 181
- \* Itinerancia de la sede episcopal en la diócesis de Mondoñedo y sus catedrales, por RAMÓN YZQUIERDO PERRÍN..... 187
- \* Apuntes para la historia del convento y comunidad de san Francisco de Ourense (II), por PILAR PÉREZ FORMOSO y PRUDENCIO LEZA TELLO. 225
- \* Fondas y tabernas en Galicia para los viajeros del siglo XVI: el caso de Mondoñedo, por ROBERTO REIGOSA MÉNDEZ y FELIPE DEBASA NABALPOTRO..... 329
- \* A Xurisdición de Miraflores á luz das comprobacións dos expedientes da *Única Contribución*: o exemplo das parroquias de Serantes e Maianca, por XESÚS ANDRÉS LÓPEZ CALVO..... 347
- \* Los inventarios decimonónicos del monasterio de Celanova, por JAVIER GÁNDARA FEIJÓO..... 377
- \* El obispo Cos y Macho y el pintor Dionisio Fierros, por CELIA CASTRO FERNÁNDEZ..... 389

## RECENSIONES

- \* Nueva obra de Carmen Manso Porto: España en mapas antiguos. Catálogo de la colección Rodríguez Torres-Ayuso, por ALFREDO ERÍAS... 403
- \* Nueva obra de Ramón Loureiro: Las máscaras del Fin del Mundo..... 406



**Princesiña de Ourense** (século XIII, a partir dun sepulcro da catedral).  
Alfredo Erias<sup>®</sup>.T. mixta/táboa, 73x118 cm., 2006.

## PRESENTACIÓN



Este magnífico número de *Rudesindus* sae á luz nun momento en que se mestura o alivio que traen as vacinas coa ansiedade polas novas variantes da pandemia Covid-19, que parece rexurdir en todo o mundo. A nosa familia ou persoas próximas a nós sofren ou mesmo perderon a vida. Queremos estar presentes con todos e levarlles nesta momento unha esperanza en forma dun feixiño de traballos de investigación, como seguidores ou colaboradores deste número. Seguimos a traballar pola historia viva que amosan todo tipo de documentos da Galicia inmortal. Grazas a todos por este traballo impagable e, dun xeito especial, ao noso director, D. Alfredo Erias que, coma sempre, pon vida, alma e corazón ao servizo da Academia Auriense-Mindoniense de San Rosendo.

Aquí non podemos perder ocasión dunha agarimosa referencia a don Cesáreo Iglesias Grande. É un dos bos e xenerosos con todos, pero dun xeito especial con *Rudesindus*. Desexámoslle sempre o mellor.

Poderíamos facer moitas calas no pasado dos séculos e sentir o pulo de situacións negativas nas nosas dióceses, pero tamén podemos ollar aqueles momentos positivos que nos axuden a ter esperanza. No século IX, e especialmente no século X, en todo o norte cristián peninsular, produciuse un vigoroso rexurdimento da actividade cultural, impulsada por diversos factores: unha certa estabilidade política, a reorganización da vida eclesiástica, a constitución de grupos mozárabes nuns puntos e de persoas formadas en rexións ultrapirenaicas noutros.

No século X, a igrexa galega volveu estar en período de reorganización e sufriu problemas semellantes aos da época sueva. Desde unha perspectiva practicamente monástica, a Igrexa de Galicia dá estabilidade e orde a este tecido tenso da axitada vida galega do século X, o cal non se entendería sen a figura de san Rosendo.

Ao fío do ano 1000, con representantes expresivos do pensamento escolástico, hai un profundo pesimismo e unha atmosfera apocalíptica na que semella palpable a fin do mundo. A crise do sistema feudal, as pragas imperantes e a fame non dan lugar a moito entusiasmo. Pero toda a escuridade do mundo non pode ocultar a tenue luz dunha candea. Deste xeito entendemos que neste ámbito a figura de San Rosendo brilla con luz propia, de tal maneira que podemos afirmar que é a máis representativa da Alta Idade Media galega. Resulta significativo que Castela, á hora de facer a composición do escudo de Galicia, nos presente a san Rosendo, que ostenta a custodia do noso escudo tradicional, como símbolo da permanencia de Galicia na fe católica, de orixe sueva, fronte ás herexías da igrexa visigoda de orixe toledana.

Durante a Alta Idade Media, Galicia foi terra de contacto entre culturas e tradicións diversas. Por unha banda, a que quedou da época sueva e visigoda cando Galicia fora un reino independente; por outra, as formas culturais que proviñan dos árabes e das invasións normandas e viquingas por mar, dentro do que se deu en chamar a *Gallaecia* escandinava, que despois continuaría na tradición peregrina á tumba do Apóstolo. As crónicas medievais infórmannos desta condición de fronteira. De todas as incursións, a que máis se reflectiu na memoria colectiva foi a protagonizada por Almanzor que, en 997, chegou á tumba do Apóstolo Santiago. As incursións de viquingos e normandos son testemuñas das fortificacións levantadas nas rías galegas. Na memoria queda o caso do milagreiro bispo Gonzalo que, coas súas oracións, afundiou no Cantábrico unha frota viquinga a finais do século XI, salvando as terras de San Martiño de Mondoñedo, como recreou poeticamente Álvaro Conqueiro na súa obra, *Flores do ano mil e pico de ave*.

Falar do século X no noroeste español é falar da figura de San Rosendo, figura destacada como monxe, como bispo e como gobernador e pacificador de Galicia, posto que é o responsable da fundación dun dos máis importantes mosteiros beneditinos, como é o de Celanova, cuxa proxección histórica é extraordinaria pola súa acción colonizadora nunha parte considerable das terras galaico-portuguesas. A el e á súa familia hai que engadirllas a súa intervención na fundación ou reforma da práctica totalidade dos mosteiros galegos. Nesta fenda cultural queremos camiñar nós nun intre tan contraditorio como é o presente.

Segundo L. Pérez López

*Delegado de peregrinacións do  
Cabido da Catedral de Santiago de Compostela,  
Presidente da Academia Auriense Mindoniense  
de San Rosendo e Secretario da revista*

*RUDESINDUS*